

## RESOLUCIÓN AMPLIACIÓN DE PRAZO SUBVENCIONS SANEAMENTO AUTÓNOMO

Mediante acordo plenario de 17.11.2025 foron aprobadas as bases e convocatoria para a concesión de subvencións municipais a propietarios de vivendas sitas no termo municipal de Tomiño para a realización de melloras nos sistemas de saneamento autónomo durante os anos 2025/2026.

Ditas bases foron publicadas mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº59 de 27 de marzo de 2026, establecendo no seu artigo 8 un prazo dun mes para a presentación de solicitudes, rematando dito prazo o 28 de abril de 2026.

A presentación das solicitudes esixe da presentación de documentación técnica, que dada a súa complexidade aconsella a ampliación do prazo para asegurar a correcta presentación da documentación para evitar realizar requirimentos que retrasen a tramitación do procedemento.

O artigo 45.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Por outra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou a instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellasen.

As bases reguladoras non conteñen precepto en contra da ampliación do prazo de xustificación.

A ampliación do prazo non causa prexuízo a terceiros.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada e tendo en conta todo o exposto,

### RESOLVO



Artigo único: Modificación da resolución do 17 de novembro de 2025 pola que se aproban as bases e convocatoria para a concesión de subvencións municipais a propietarios de vivendas sitas no termo municipal de Tomiño para a realización de melloras nos sistemas de saneamento autónomo durante os anos 2025/2026.

Modifícase o artigo 8 da resolución do 17 de novembro de 2025 pola que se aproban as bases e convocatoria para a concesión de subvencións municipais a propietarios de vivendas sitas no termo municipal de Tomiño para a realización de melloras nos sistemas de saneamento autónomo durante os anos 2025/2026, que queda redactado como segue:

“ O prazo para a presentación de solicitudes rematará o 13 de maio de 2026, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación”

En Tomiño, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa, Sandra González Álvarez

